



**PROVIDENCIA DE ALCALDÍA: ACLARACIÓN AOS CRITERIOS ELIXIDOS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DE OBRA DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN DESTINADA A LOCAL SOCIAL NA PARROQUIA DE CEREIO (POS 2015)
EXPEDIENTE: 2019/C003/000006**

Considerando a providencia asinada por esta alcaldía de data 09.07.2019 que literalmente sinala:

“

*Considerando que a obra “**Construcción edificación destinada a local social na parroquia de Cereio**” incluíuse no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia municipal (POS) do ano 2015 e que se aceptou polo Pleno da Deputación da Coruña, na sesión ordinaria realizada o 27 de febreiro de 2015.*

Vista a concesión, mediante resolución do presidente da Deputación Provincial da Coruña (resolución nº 2019/21653 do 21/06/2019), da prórroga do prazo de adxudicación desta obra ata o 30/11/2019.

Vista a concesión, mediante resolución do presidente da Deputación Provincial da Coruña (resolución nº 2019/21654 do 21/06/2019), da prórroga do prazo de execución desta obra ata o 30/11/2019.

*Vista a necesidade detectada por esta alcaldía de realizar a obra de “**Construcción edificación destinada a local social na parroquia de Cereio**” polos seguintes motivos:*

Coristanco é un concello cunha dispersión de poboación moi elevada, polo que é difícil facer chegar a todas as parroquias as actividades culturais e sociais facendo necesario que en cada parroquia se poida dispoñer de locais sociais para a programación das actividades culturais e sociais dos veciños.

Actualmente, Cereio non dispón de ningún tipo de local para realizar as súas actividades socio-culturais.

Nas proximidades da parcela na que se pretende executar a obra, sita no lugar de Pousada existe a día de hoxe unha praza que se destina ao espaxamento público, así como a realización de actividades de carácter lúdico ao aire libre, organizadas tanto polo Concello como pola asociación de veciños da zona. Coa construción do local social preténdese dotar a dita zona dun lugar no que gardar o material para as actividades socio-culturais, así como proporcionar un punto de reunión aos veciños para a promoción e organización das mesmas.

*Fíxase como presuposto base de licitación, e polo tanto como límite máximo de gasto que pode comprometer o órgano de contratación, a cantidade de **92.683,64 €** desglosada da seguinte forma:*

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO	76.598,05 €
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (IVE)	16.085,59 €
TOTAL	92.683,64 €

O importe total do contrato será financiado con cargo a:

- POS 2015 da Deputación Provincial da Coruña: **92.683,64 €**
- Concello: **0 €**

Visto que o Concello dispón de poucos recursos humanos e que a actuación a realizar é de escasa entidade considérase por esta Alcaldía que o procedemento de contratación máis axeitado é o aberto supersimplificado ao ser o valor estimado da contratación inferior a 80.000 €.

Polo que,



DISPOÑO

Primeiro.- Que se inicien os trámites para levar a cabo a contratación da obra de “**Construción edificación destinada a local social na parroquia de Cereo**” por procedemento aberto supersimplificado.

Segundo.- Que por intervención se realice a retención de crédito.

Terceiro.- Que se incorporen os pregos de cláusulas administrativas conforme ao establecido pola Deputación.

Cuarto.- Que se emitan os informes por Secretaría e Intervención.

Documento asinado electrónicamente polo alcalde, Juan Carlos García Pose, na data que figura na si natura electrónica.

“

Visto o informe de intervención de data 11.07.2019 co seguinte contido:

“

Dona Marta Marín Gracia, Interventora xeral do Concello de Coristanco, en exercicio das funcións contidas no Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, vista a Providencia da Alcaldía de 9 de xullo de 2019 en relación co expediente de contratación **2019/C003/000006** para a contratación da obra “**Construción edificación destinada a local social na parroquia de Cereo**” (POS2015), emite o seguinte informe.

NATUREZA DO INFORME

Este informe ten carácter de preceptivo e non vinculante de conformidade co disposto no Real Decreto 128/2018 polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional, e a Resolución de 25 de xullo de 2018, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Tributaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito dos contratos do sector público e encargos a medios propios.

Lexislación aplicable:

- a) Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- b) Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- c) Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP).
- d) Resolución de 25 de xullo de 2018, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Tributaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito dos contratos do sector público e encargos a medios propios.
- e) Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- f) Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- g) Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a anterior.
- h) Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local.
- i) Bases de Execución do Orzamento do Concello de Coristanco para o exercicio 2018 prorrogadas para o 2019.

INFORME:



Remitida a esta Intervención con data 9 de xullo de 2019 mediante expediente 2019/C003/000006 Providencia da Alcaldía de data 9 de xullo de 2019 en relación con inicio do procedemento administrativo para a contratación mediante un procedemento aberto "supersimplificado" a realización da obra "**Construción edificación destinada a local social na parroquia de Cereo**" (POS2015) , con indicación de que "por intervención se realice a retención de crédito" e que "se emitan os informes por Secretaría e Intervención", ponse de manifesto o que segue:

1.- De conformidade co disposto artigo primeiro da Resolución de 25 de xullo de 2018, da IXAE, con carácter xeral recóllese como **extremos xerais de comprobación** no ámbito dos contratos do sector público primeiramente a **existencia de crédito orzamentario** e que o proposto é adecuado e suficiente á natureza do gasto que se pretende contraer, e que **os gastos u obrigacións propóñense ao órgano competente** para a aprobación, compromiso ou recoñecemento da obrigación.

- Respecto da existencia de crédito adecuado e suficiente compre sinalar que o importe proposto no contrato ascende a cantidade de **92.683,64 euros IVE** engadido.

Pola súa natureza a aplicación orzamentaria á que debe imputarse é a **2019.337.62200** do vixente Orzamento municipal do ano 2018 prorrogado para o 2019.

Examinado o estado de execución actual do orzamento compre sinalar que na antedita partida existe crédito adecuado e suficiente para a licitación da obra en cuestión logo da aprobación dun expediente de modificación de créditos (MC 12-2019) de Xeración de Créditos aprobado por Resolución da Alcaldía 444/2019 de 10 de xullo de 2019)

- Respecto se as obrigacións ou gastos xéranse polo órgano competente, compre sinalar que de conformidade co disposto na Lei de Contratos do Sector Público o Alcalde é o órgano competente para contratar cando o valor estimado do contrato non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en todo caso, os 6 millóns de euros.

Os recursos correntes do vixente orzamento municipal que é o do ano 2018 prorrogado para o 2019 ascenden a cantidade de 4.091.840,37 euros polo que o importe do contrato a licitar **non excede do 10 % dos recursos ordinarios (409.184.04 €)** do antedito orzamento, en consecuencia correspóndelle ao Alcalde a competencia para autorizar e dispoñer o gasto, sen prexuízo das delegacións efectuadas a tenor do disposto no artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- Respecto da **fiscalización doutros extremos** que, pola súa transcendencia no proceso de xestión, considéranse necesario analizar neste informe atopáramos a incidencia do contrato na **estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira** do Concello de Coristanco.

Neste sentido compre sinalar en primeiro lugar que da última liquidación aprobada correspondente ao exercicio 2018 despréndese que a mesma cumpre tanto co obxectivo de estabilidade orzamentaria como coa regra do gasto de conformidade co Plan Económico Financeiro aprobado a finais do exercicio 2017 e con incidencia nos orzamentos dos anos 2017 e 2018.

Respecto do cumprimento do período medio de pagamento e segundo os datos correspondentes ao primeiro trimestre do ano 2019 o PMP do Concello de Coristanco é de 21,95 días.

Por outra banda e respecto da incidencia que esta nova contratación pode ter na sustentabilidade financeira entendida esta como a capacidade que ten o concello para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública, esta Intervención entende ao tratarse da execución dunha obra cuxo financiamento corre a cargo da Deputación Provincial a propia execución non deber ter mais incidencia de carácter económico para o Concello que o gasto da redacción do proxecto o cal, dada a antigüidade do mesmo enténdese que xa foi aboado no exercicio correspondente.



Por outra banda, sinalar que a inversión non xerará ningún tipo de ingreso, pois o seu uso non constitúe feito impositivo de ningún tributo.

A inversión a realizar no requirirá durante a súa vida útil ningún tipo de actuación de mantemento, máis que aquelas de causas externas e imprevistas.

Resulta polo tanto, que a priori, esta Intervención entende que no xerará gastos de mantemento, e en caso de que unha vez rematada e recepcionada a obra puidera xeralos, o responsable da obra, técnico ou Concelleiro delegado deberá facer unha valoración dos posibles custes e darlle traslado dos mesmos á Alcaldía municipal a fin de que se teñan en conta en sucesivos orzamentos municipais.

3.- Seguindo o disposto no artigo 4 da Resolución de 25 de xullo de 2018, da Intervención Xeral da Administración do Estado, respecto dos extremos adicionais a comprobar nos contratos de servizos neste intre de aprobación do gasto teríamos o seguinte:

- Que existe prego de cláusulas administrativas particulares informado polo Servizo Xurídico. **NON CONSTA.**

- Que existe prego de prescricións técnicas. **NON CONSTA.**

- Ao non existir prego de cláusulas administrativas non pode verificase que o contrato a celebrar sexa da mesma natureza ou non que o informado polo Servizo Xurídico xa que tampouco existe informe do Servizo Xurídico.

- Que o obxecto do contrato está perfectamente definido. Ao non haber pregos **NON É POSIBLE COMPROBALO.**

- Que o prego establece para a determinación da mellor oferta criterios vinculados ao obxecto do contrato. Ao non haber pregos **NON É POSIBLE COMPROBALO.**

- Ao utilizar varios criterios de adxudicación que se prevea os parámetros obxectivos para identificar as ofertas anormalmente Baixas. Ao non haber pregos **NON É POSIBLE COMPROBALO.**

- Que o prego de cláusulas administrativas recolla alomenos unha das condicións especiais de execución do artigo 202.2 da Lei de Contratos e a obriga de cumprimento do adxudicatario de cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao Convenio selectivo de aplicación. Ao non haber pregos **NON É POSIBLE COMPROBALO.**

- Cando se propoña como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado como é neste caso compre verificar que se compren as condicións previstas no artigo 159.1 da Lei de Contratos. **NON É POSIBLE COMPROBALO.**

- A duración do contrato pola súa natureza axústase ao previsto na Lei de Contratos do Sector Público para este tipo de contratos. Ao non haber pregos **NON É POSIBLE COMPROBALO.**

- Non se prevén modificacións no contrato. Ao non haber pregos **NON É POSIBLE COMPROBALO.**

4.- CONCLUSIÓN:

Este informe emítese unicamente aos efectos de dar por cumpridas as indicacións do Alcalde na súa Providencia de 9 de xullo de 2019, pero en ningún caso pódese considerar como un informe de fiscalización previa nin garantía de que o procedemento conta co visto bo desta Intervención, xa que o expediente trasladado adolece da documentación necesaria para poder facer un exame completo do mesmo, en contra do disposto nos artigos 5 e 6 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.



En consecuencia, prégase que por parte da Alcaldía dese traslado deste informe aos departamentos correspondentes en orde a completar o expediente e posteriormente volva a ser trasladado a esta Intervención para unha nova comprobación.

*Documento asinado electrónicamente (art. 9 da Lei 39/2015) por **MARTA MARIN GRACIA**, Interventora do Concello na data que figura na marxe do documento.*

”

Vista a necesidade de dotar á parroquia de Cereo dun local social para as súas actividades socio-culturais así como proporcionar un punto de reunión aos veciños e dado que o proxecto da obra non establece uns mínimos medios persoais e materiais, a alcaldía deste Concello,

DISPÓN:

Primeiro.- Dentro dos pregos tipos de cláusulas administrativas particulares de obras que haberán de rexer na contratación mediante procedemento aberto simplifícadísimo, aínda que o proxecto técnico establece uns máximos medios persoais e materiais, establécense os seguintes mínimos:

1. MEDIOS PERSOAIS MÍNIMOS:

CATEGORÍA PROFESIONAL	TITULACIÓN REQUIRIDA	NÚMERO PERSOAS
Encargado		1
Oficial 1ª		1
Peón		1
Encofrador		1
Carpinteiro		1
Fontaneiro		1
Electricista		1
Pintor		1

2. MEDIOS MATERIAIS MÍNIMOS

	CARACTERÍSTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
- Grúa			1
- Formigoneira			1
- Pala cargadora neumáticos			1
- Camión basculante			1
2.2. EQUIPOS			



2.3.MEDIOS AUXILIARES			
- escaleira de man - taboleiro de encofrar			<u>1</u> <u>1</u>

Segundo.- Establecer como criterios evaluables mediante fórmulas os seguintes criterios:

- **Oferta económica: 60 puntos**

Conforme á fórmula elaborada, a petición da Deputación Provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC (Explicación da fórmula no Anexo VIII do “Pliego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplifícadísimo das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais” (BOP 30/05/2018)).

O programa de valoración de ofertas económicas en contratos e concursos atópase aloxada no seguinte enlace: <https://www.dacoruna.gal/dicoruna-subtel/valoracion/formula>

- **Redución de prazos de execución: 40 puntos**

Debido que o programa de valoración de ofertas da Deputación da Coruña estima 10 puntos como puntuación máxima de redución de prazos e dado que a puntuación máxima de redución de prazos deste contrato se fixa en 40 puntos, consecuentemente o resultado da puntuación de redución de prazos será calculado como:

$\text{Puntuación da redución de prazos} = 4 * (\text{Resultado da puntuación de redución de prazos do programa de valoración da Deputación da Coruña})$
--

Documento asinado electrónicamente polo alcalde, Juan Carlos García Pose, na data que figura na sinatura electrónica.